

## PROXECTO COMÚN INTERDISCIPLINAR : “KISS THE EARTH: Coida o teu planeta”

Este proxecto común desenvolverase durante todo o curso e nel estarán implicados, ademais dos alumnos, todos e cada un dos profesores do centro, en calquera das súas materias, e, por suposto, as familias, ás que seguiremos pedindo colaboración despois da excelente acollida e resposta que tiveron entre os pais os proxectos dos anos anteriores.

Para o período lectivo 2020-2021 decidimos continuar co tema tan presente e importante para o noso futuro xa que é unha responsabilidade social: Coidar o planeta no que vivimos xa que os nosos océanos están cheos de lixo, ríos cubertos de desperdicios, cidades cuxo aire é irrespirable... Sobran os motivos, poñámonos en marcha!

Co lema KISS THE EARTH: Coida o teu planeta, queremos achegarnos a diferentes temas que podemos relacionar co coidado do noso planeta, tales como, a reciclaxe, o aforro de enerxía, o cambio climático, a creación de hábitos saudables e sostibles, o efecto invernadero. a deforestación, etc....

Esta é a relación dos contidos escollidos polos diferentes cursos que nos permitirán profundizar neste proxecto anual:



---

4º , 5ª e 6º de E.I .O coidado dos nosos mares.

1º E.P.Aprender a reciclar.

2º E.P Aprender a reciclar

3º E.P.: Aprende reutilizando e reciclando os materiais de refugallo.

4º E.P.: 4R: Que podo facer eu para coidar o planeta?

5º E.P: Reciclar para crear

6ºE.P: Nós e o Medio Ambiente

1º ESO: Horta escolar

2º ESO: Un planeta saudable

3º ESO: Consumo de proximidade para coidar o planeta

---

4º ESO:Pequenos xestos para mellora-lo planeta

A grandes riscos, este proxecto consistirá en que, despois de escoller cada curso o tema relacionado cun aspecto concreto conectado co COIDADADO DO PLANETA TERRA, tódolos profesores que impartan clase nese nivel, desde infantil ata a ESO, terán que traballar cos seus alumnos, nas súas respectivas materias, algún contido relacionado co mesmo.

Para abordar o fenómeno da **contaminación da Terra** en toda a súa complexidade, é necesario abordar os principais problemas do medio ambiente, entre os que podemos destacar os seguintes:

- Os pesticidas e produtos químicos
- A deforestación
- Os restos industriais e domésticos
- Os combustibles fósiles
- Os altos índices de produción de lixo



As iniciativas políticas e institucionais contra a **contaminación da Terra** son muy positivas. Porén, tamén a cidadanía e cada un de nós desde os seus fogares ata o colexio, podemos axudar a frear os efectos deste fenómeno. Como? Fixándonos principalmente nas seguintes opcións:

- **Reciclando os residuos que xeramos a diario.** Reciclar supón dúas grandes vantaxes: por unha banda, reutilizar produtos que xa cumpriron un primeiro ciclo de uso; e segundo, clasificar os residuos para evitar que os encargados desta tarefa invistan máis recursos e tempo niso. Podemos ensinar aos nosos alumnos como reciclar correctamente o mostrar que xogar con obxectos reciclados pode resultar moi divertido.
- **Usando o transporte público e outros medios alternativos como** a bicicleta e os coches eléctricos son ideais para a sustentabilidade do planeta, pois non xeran gases de efecto invernadero.
- **Impulsando o consumo responsable.** Mercar novos produtos non debe ser un hábito, ten que responder a necesidades reais. Se lles inculcamos aos nenos un xeito de consumo responsable, reduciremos a demanda de certos produtos e así as empresas non emplearán novos recursos naturais e diminuirán os niveis de gases de efecto invernadero que liberan á atmosfera.
- **Sumarnos ás peticións ou campañas que piden unha actitude máis comprometida por parte dos gobernos cara ao cambio climático,** empezando polo noso concello ou como a que lanza Oxfam Intermón ou outras organizacións nacionais ou internacionais para que as persoas máis pobres poidan adaptarse ás consecuencias dun cambio climático que non provocaron.
- **Construíndo unha horta urbana nas casas e no centro xa** que non só nos axudan a obter alimentos máis saudables para o autoconsumo, senón que son un bo recurso para xerar conciencia sobre a contaminación da Terra.